

# O NACEMENTO DO DRAGÓN

Historia, caligrafías e selos de **WANG FEI**

Textos de **MARIE SELLIER**

Ilustracións de **CATHERINE LOUIS**

Tradución de **FERNANDO MOREIRAS**

Encadernado en cartoné. 15 x 30 cm. 40 páx. 15 €.

SELECCIÓN DO MINISTERIO DE EDUCACIÓN (ARXENTINA) 2014

**O nacemento do dragón** (galego)

ISBN 978-84-8464-445-3. Maremar.

**El nacimiento del dragón** (castelán)

ISBN 978-84-8464-444-6. Obras de autor. Lectores autónomos.

**O nascimento do dragão** (portugués)

ISBN 978-989-749-110-8. Obras de autor. Leitura autónoma.


Antano, hai xa moito tempo,  
nos días en que non existían os dragóns,  
os homes, as mulleres e os nenos da China  
cazaban, pescaban e vivían en tribos  
baixo a protección de espíritos benévolos...

Mentres en Europa o dragón é un animal misterioso e de reminiscencias malignas, en Asia é sinónimo de paz. Esta obra bilingüe galego-chinés mandarín, que combina literatura, caligrafía e ilustración, conta a orixe desta criatura mítica, creada en tempo inmemorial polas nenas e nenos das diversas tribos da China.

Os adultos, que veneraban os animais sagrados, tamén facían a guerra no seu nome. Ata que os nenos decidiron crear un ser que os arredara desa espiral bélica: co corpo da serpe silandeira e astuta admirada polos habitantes da meseta, coa cabeza do cabalo veloz coma o vento que protexía os xinetes, coas escamas do peixe escintilante honrado polos pescadores da beiramar, cos cornos do búfalo forte e traballador ao que enxalzaban os campesiños dos arrozais, e coas patas do paxaro libre e cazador louvado nas montañas, xurdíu un híbrido co que cada Aninovo chinés festexan a paz e a ledicia.

O libro complétase cun mural despregable que explica a técnica dos ideogramas e da escritura chinesa; no asesoramento da obra colaborou a profesora Claudia Berger, responsable de ensino de chinés moderno na Universidade de Xenebra. Na elaboración deste volume utilizouse papel obtido de bosques xestionados de maneira responsable, certificados de acordo coa normativa do Forest Stewardship Council.

和爭蛇牛馬鳥魚龍



■ **Temática:** lenda sobre a orixe do dragón.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** libro bilingüe galego-chinés mandarín; inclúe mural despregable; realizado con papel procedente de bosques sostenibles; simbolismo, cultura chinesa; paz, convivencia entre pobos distintos.

■ **Avance do libro:**

[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-nacemento-do-dragon-g\\_b5da17023cd904](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-nacemento-do-dragon-g_b5da17023cd904)

Wang Fei criouse na China e aprendeu os segredos da caligrafía. Segundo a súa filosofía vital, “o presente vén do pasado e do porvir”, por iso se dedica a buscar “o camiño entre os dous”. A xornalista francesa Marie Sellier especializouse en arte, temática sobre a que publicou numerosos libros. A ilustradora Catherine Louis vive en Suíza, pero é unha grande admiradora da paisaxe e da cultura chinesa.

